


P R O P O S T A D E D I T A M E

Ditame
1/05

sobre o anteproxecto de
Decreto lexislativo
polo que se aproba o texto refundido
da Lei galega de medidas básicas
para a inserción social

A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 9 D E A B R I L



1.- ANTECEDENTES

1.- En data 16 de marzo tivo entrada no Consello Económico e Social a solicitude de dictame, polo **trámite de urxencia**, do anteproxecto de Decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei galega de medidas básicas para a inserción social, co obxecto de que este organismo emita o correspondente ditame de natureza preceptiva que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello.

2.- O texto do borrador foi enviado, con data 16 de marzo, ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e á totalidade de membros do Consello da entrada de solicitude de dictame polo trámite de urxencia.

3.- Con data 1 de abril, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº2 para o 4 de abril de 2005, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/05, acorda aprobar por unanimidade a proposta de dictame, con data 11 de abril, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 2/05, de 29 de abril, e tras coñece-lo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o Anteproxecto de Decreto legislativo polo que se aproba o texto refundido da Lei galega de medidas básicas para a inserción social

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Decreto sometido a ditame estrutúrase nun artigo único, unha Disposición adicional e unha Disposición final.

No que respecta ó contido do anteproxecto de Decreto que se somete ao ditame do Consello Económico e Social de Galicia, a Disposición adicional terceira da Lei 9/1991, de 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, segundo redacción dada pola Lei 16/2004, de 29 de decembro, autorizou ao goberno galego para a publicación do texto refundido da Lei 9/1991 anteriormente citada, co obxecto de recoller as modificacións establecidas polas disposicións posteriores.

No texto refundido, obxecto de ditame, incorpórase ao texto inicial da Lei 9/1991 as modificacións operadas pola mesma Lei 1/1991, de 5 de febreiro, e pola Lei 16/2004, de 29 de decembro.

O texto refundido opera un cambio de numeración de algúns artigos ao quedar sen contido o artigo 26 da inicial Lei 9/1991. Así mesmo, introdúcese a modificación operada pola Disposición transitoria segunda do Real Decreto Lei 3/2004, de 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, na artigo 45 do texto refundido, substituíndo a referencia ao salario mínimo interprofesional pola referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples.

Por último, adecuouse a terminoloxía usada na redacción do articulado aos preceptos da Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES valora positivamente a oportunidade e sentido do anteproxecto de decreto legislativo sometido a ditame, por canto supón de mellora da seguridade xurídica ao recoller nun só corpo legal a normativa existente, promulgada en diferentes datas, e, polo tanto, dispersa.

2.- O CES entende oportuno recordar as consideracións que este Consello fixo ás normas refundidas neste anteproxecto de Decreto no Ditame **2/97** sobre o “Anteproxecto de Lei pola que se modifica a lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas para a Inserción Social”; no Ditame **4/99** sobre o “Proxecto de Decreto polo que se desenvolve, no relativo á Renda de Integración Social de Galicia e ás Axudas para Situacións de Emerxencia Social, a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de Medidas Básicas para a Inserción Social, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro”; no Dictame **1/03**, sobre o “Anteproxecto de Lei de para a Igualdade de Mulleres e Homes”; e no Dictame **2/03** sobre o “Anteproxecto de Lei pola que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de outubro, Galega de Medidas Básicas de Inserción Social”, co fin de que as consideracións non atendidas no seu momento poidan ser incluídas no desenvolvemento regulamentario da presente norma.

O CES entende tamén que se debería incluír no desenvolvemento regulamentario deste Decreto legislativo a articulación de mecanismos dirixidos a acadar unha eficaz colaboración entre as diferentes Administracións Públicas competentes na materia, co fin de axilizar a resolución dos expedientes administrativos establecidos na normativa legal.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2005

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano